



Avelina Valladares

Dona de seu

*Xoíña de España, adorada Galicia,
verxel dos encantos dos puros amores.
Esperta, que o tempo chegou da xustiza
e a portas alleas non pides favores.*

COMISARIADO

Xesús Domínguez Dono

DESEÑO E MAQUETAXE

Hayat Husein

PRODUCCIÓN

Merlín Comunicación.
Grupo Editorial Galaxia

FABRICACIÓN

CdeC

FONDOS GRÁFICOS

Tono Arias

Rosa de Cabanas

Hortensia Iglesias

Arquivo familiar Ferreirós Domínguez:
Biblioteca e Arq. Hist. USC

Museo do Pobo Estradense Manuel

Reimóndez Portela

Editorial Galaxia

Fundación Penzol

Esta exposición contou co apoio da Xunta de Galicia
través da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.



XUNTA
DE GALICIA



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

2025
Avelina
Valladares
ANO CULTURAL



1. O SÉCULO DE AVELINA

A crise do Antigo Réxime iníciase coa invasión do exército francés en 1808 e a Guerra da Independencia. O clero e a fidalguía exercía o seu poder e apoiou a Fernando VII. No val da Ulla e terras de Tabeirós o carlismo tivo unha forte implantación, ligada ao poder do clero e da fidalguía rural.



No século XIX houbo tres guerras civís que enfrontaron a partidarios de Carlos María Isidro de Borbón e os seus descendentes (carlistas), de ideoloxía absolutista e tradicionalista, contra os partidarios de Isabel II (isabelinos ou cristinos), liberais

Ata a Restauración monárquica (1874) a participación política foi pouco importante en Galicia e estivo condicionada polo sistema caciquil e pola alternancia no poder de liberais e conservadores.



María Pita, loitadora coruñesa na Guerra da Independencia contra os franceses. Cadro de Arturo Fernández López

A primeira manifestación do galeguismo foi o Provincialismo, co levantamento de Solís en 1846, que reclamaba a unidade institucional de Galicia (contra a división provincial de 1833) xunto coa reivindicación dun certo autogoberno, levantamento que foi duramente reprimido (Mártires de Carral).

Monumento no Montouto (Teo), que conmemora a Batalla de Cacheiras, onde o militar Miguel Solís, líder do levantamento de 1846, foi derrotado



Manuel Murguía foi un dos principais líderes do Rexionalismo, xunto con Alfredo Brañas


A finais de século aparece o Rexionalismo, con Manuel Murguía e Alfredo Brañas como figuras principais, que reclamaba a autonomía política, a eliminación do caciquismo, a mellora económica e a galeguización da Administración. O século XIX viviu momentos de moita conflictividade social, de reivindicacións labregas e de disputas pola conservación do monte como ben comunal. Na comarca da Estrada houbo levantamentos, como o do 5 de xullo de 1870, onde 200 veciños tomaron a vila protestando contra os embargos, os impostos e a política fiscal do concello.

O Rexurdimento é o gran movemento cultural do século XIX en Galicia coa



recuperación do galego como lingua literaria, con figuras como Rosalía, Curros e Pondal, e sentou as bases de posteriores reivindicacións políticas.

Eduardo Pondal foi unha das figuras principais do Rexurdimento, xunto con Rosalía de Castro e Manuel Curros Enríquez




Caricatura de Casteloo, Cousas da vida. Caciques



2025



2. A FAMILIA VALLADARES



Bandeira do Batallón Literario dos universitarios de Santiago de Compostela, onde se alistou o pai de Avelina Valladares para loitar contra a invasión napoleónica

José Dionisio foi un importante xurista e político, alistouse no Batallón Literario universitario e foi condecorado durante a Guerra da Independencia. Colaborou con Domingo Fontán na elaboración do mapa de Galicia e pasou cinco anos en Zamora como intendente, xunto coa súa familia.

Luísa (sentada) e Isabel, irmás de Avelina, quen nunca quixo ser retratada. Fotografía impresa sobre seda e coloreada. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez

Os irmáns Valladares eran cultos en letras e música. Entre eles salienta Sergio (1823-1855), que colaborou en xornais e no *Álbum de la Caridad*.

Sergio Valladares Núñez. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez- Museo do Pobo Estradense
Fotografía: Tono Arias



Andrea Avelina Teresa Gabriela Valladares Núñez naceu o 23 de outubro de 1825, no lugar de Vilancosta, na parroquia de Berres, filla dunha das familias fidalgas máis cultas e importantes de Galicia, e faleceu o 17 de marzo de 1902, na súa casa natal.



José Dionisio Valladares. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez- Museo do Pobo Estradense
Fotografía: Tono Arias



María de la Concepción Núñez. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez- Museo do Pobo Estradense
Fotografía: Tono Arias

Os seus pais, José Dionisio Valladares e María de la Concepción Núñez, tiveron dez fillos no casal familiar.

O máis coñecido foi Marcial, o señor de Vilancosta (1823-1903), xurista, poeta, lexicógrafo e novelista, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 1970, autor da primeira novela en galego, *Maxina ou a filla espuria*.



Marcial Valladares. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez- Museo do Pobo Estradense
Fotografía: Tono Arias





2025



3. DONA DE SEU



Biblioteca da Casa Grande de Vilancosta

En Vilancosta respirábase un ambiente culto, onde Avelina se criou no seo dunha familia interesada polas artes e baixo a tutela do pai e de mestres particulares, formándose en letras, contas e música.

As súas profundas conviccións relixiosas fixeron que fose secretaria da Xunta Parroquial de Beneficencia de Berres en favor dos máis necesitados, o que lle valeu a Cruz de Beneficencia en 1864.

Igrexa parroquial de Berres, ao pé da que repousan os restos de Avelina e do seu irmán Marcial



Manuel García Barros frecuentou a biblioteca da Casa Grande desde cativo, e adoitaba ter longas conversas con Marcial e Avelina no adro da igrexa parroquial

As súas principais preocupacións foron o benestar familiar e dos conveciños, tanto material como culturalmente. Manuel García Barros, quen a nomeou como “cantora da Ulla”, tivo gran relación con ela e co seu irmán Marcial desde neno.

Pola súa condición de muller e escritora, deben loitar cun ambiente hostil dominado polos homes e foi unha adiantada ao seu tempo, non só por escribir (ademais de poesía, foi das primeiras mulleres en publicar artigos en prensa), senón tamén por non querer contraer matrimonio, dedicándose a coidar da familia e das propiedades da Casa Grande, xunto co seu irmán Marcial.


Mención de honra a Avelina na Exposición Agrícola, Industrial e Artística de Galicia de 1858 en Compostela. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez. Arquivo Histórico da USC



Diploma acreditativo da concesión da Gran Cruz de Beneficencia. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez. Arquivo Histórico da USC

Participou en feiras e exposicións agrícolas, onde presentou traballos sobre agricultura, como ante a Sociedade Económica de Amigos del País de Santiago, e fomentou novos cultivos para mellorar as terras e a produción agrícola. Coñecía polo seu pelo louro e por percorrer as terras cunha escopeta na súa egua *Brisa*.

Recetas de cociña redactadas por Avelina. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez. Arquivo Histórico da USC





2025



4. LETRAS E MÚSICA

Avelina, como os seus irmáns e irmás, ademais de escribir, tamén pintaba e tocaba instrumentos. Dela conservamos catro composicións musicais, tres para piano e unha para guitarra, “La soledad”, a primeira dunha muller en Galicia.

Partitura orixinal de “La soledad”, composición para guitarra de Avelina. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez-Biblioteca Xeral da USC



O apego á música fixo que, tras a súa volta a Berres desde Zamora, a familia trouxese nun carro o seu pianoforte, un dos primeiros deste tipo que houbo en Galicia. A querenza pola música tamén abarcaba a música tradicional, raíces que ansiaban conservar, onde destaca o cantigueiro musical de Marcial Ayes de *mi país*, que lle dedica ás súas irmás (1865); e o seu *Cantigueiro popular* (1867), cun limiar redactado en galego, onde defende esa lingua “digna de ser coñecida e estudada”.



“Anxos”, debuxo de Avelina. Arquivo familiar Ferreirós Domínguez-Museo do Pobo Estradense
Fotografía: Tono Arias



Pianoforte da Casa Grande de Vilancosta, fabricado en Madrid, dos primeiros que chegaron a Galicia




Naquel tempo adoitaban realizarse nas tardiñas xuntanzas sociais nos pazos da contorna, onde se interpretaba música e se recitaban poemas, as coñecidas como “soirées”.



Cuberta e dedicatoria de Marcial Valladares ás súas irmás en *Ayes de mi país* (1865)

As “soirées”, eran reunións sociais nas tardiñas, onde se interpretaba música, se bailaba e recitaban poemas. Ilustración de Hortensia Fernández do libro *A música dos Valladares*, de Pablo Bernárdez



Na súa produción escrita foi pioneira ao colaborar en prensa, onde destaca o artigo contra as supersticións, mal da sociedade e froito da ignorancia, que publicou en *El Eco de Galicia*, da Habana (26-IV-1885), titulado “El ochavo milagroso”.



El Eco de Galicia, da Habana, onde se publicou o artigo “El ochavo milagroso”.



2025

5. A CANTORA DA ULLA

A obra poética de Avelina rolda os cincuenta poemas, a maioría inéditos no seu tempo, destacando seis composicións en galego, publicadas en *El Eco de Galicia* (Buenos Aires), *El Heraldo Gallego*, *El Compostelano*, *Almanaque Gallego* (Buenos Aires) e *La Gran Patria* de Santiago, con variada temática, desde a sentimental, familiar e relixiosa ata a combativa e de denuncia, e mesmo un poema teatralizado, “Diálogo entre un peregrino que se dirige a Compostela y un labriego”, de temática xacobeá.



Galería da Casa Grande
de Vilancosta

*¡Ulliña! ¿Quen te viu que, namorado
da fermosura que encerras non quedase
e soidades, ¡coitado!, non levase
no seu peito o adeus cando che dou?*


A loanza a Galicia demostraa no seu poema de 1881 “A Galicia”: “Alza tu noble, inmaculada frente, / adorada Galicia, patria mía”, que para ela é “xoíña

de España”, nun poema de 1883, “Miña xoia”, pero que precisa espertar do seu letargo e abandono.

A emigración é outro tema de preocupación e denuncia, nun tempo onde gran parte da mocidade buscaba o sustento fóra de Galicia, deixando nais e terra abandonadas. Na composición, “Ós que emigran” (1889), unha poeta rebelde e crítica aborda o tema da emigración desde a perspectiva das mulleres que quedan na terra, nais, fillas, esposas...



En *Almanaque Gallego*
publicáronse algúns
dos seus poemas



O val do Ulla, co Pico Sacro
ao fondo, desde Vilancosta

Galicia, a súa comarca e a súa aldea, foron fonte poética para a súa obra. “A Ulla”, que dá título a un seu poema de 1879, deulle a visión dun edén terreal, e o Pico Sacro, que se ve desde a galería de Vilancosta, serve de inspiración á poeta.



Paso do Ulla por San Xoán da Cova, en Ponte Ulla,
gravado do *Semanario Instructivo* 27, 1838

De 1881 é “A orfiña”, unha queixa contra os prexuízos dunha sociedade que non aceptaba fillos fóra do matrimonio (tema tratado xa por Marcial en *Maxina ou a filla espuria*).

*Orfiña quedei no mundo
des que á luz do mundo vin,
nunca agarimo sentín
dos pais que me deron ser.*



Debuxo de Castelao,
Album Nós

Avelina Valladares

ANO CULTURAL

2025

6. O LEGADO DE AVELINA


Foi unha muller humanitaria e preocupada polos seus semellantes, interesada pola cultura e as artes da Galicia do Rexurdimento, momento do renacer das nosas letras, onde destacan mulleres como Rosalía de Castro, Juana de Vega, Concepción Arenal e Emilia Pardo Bazán, precursoras dunha nova sociedade.

Participou nas correntes intelectuais que promulgaban un espertar da conciencia do pobo galego contra as inxustizas e reivindicaba o valor do propio fronte a unha sociedade insensible.



Representación de *Os seráns en Vilancosta*. Unha homenaxe a Avelina Valladares, escrita e dirixida por Santiago Cortegoso, interpretada pola Escola Municipal de Artes Escéncias da Estrada e Tequexeteldere (abril de 2025)

A súa vida e obra son fonte e espello de inspiración para as novas xeracións, que o Concello da Estrada homenaxea dedicándolle o ano cultural en 2025, mesmo ano en que o Instituto Nº 1 da Estrada pasa a denominarse IES Avelina Valladares.



Placa no cemiterio de Berres, en honra aos seus devanceiros

"Foi Avelina unha muller do temple de Concepción Arenal, do xenio de Rosalía de Castro e da intuición de Emilia Pardo Bazán"

Waldo Álvarez Insua



Acta do Primeiro Premio de Poesía Avelina Valladares (maio de 1997). Xentileza de Noni Araújo



Mural en honra de Avelina Valladares, na Casa das Letras da Estrada



Ilustración de Rosa de Cabanas, imaxinando a Avelina



QR de acceso á exposición virtual




QR de acceso á unidade didáctica

Avelina Valladares

Dona de seu



Ilustración: Rosa de Cabanas



XUNTA
DE GALICIA



EXCMO. CONCELLO
DA ESTRADA

